



## CONFERENCIA - CICLO MULLERES GALEGAS

# LUZ DARRIBA

## PARA RETER A AUGA

### Conversas ao redor de MARÍA CASARES

VENRES 21 DE ABRIL DE 2023 – 20:00 h.

NA CASA DA CULTURA DE VILALBA



O Instituto de Estudos Chairegos, en colaboración co Concello de Vilalba, organiza o **venres 21 de abril de 2023, na Casa da Cultura de Vilalba, ás 20:00 horas, a CONFERENCIA "PARA RETER A AUGA. CONVERSAS AO REDOR DE MARÍA CASARES"**, impartida por **LUZ DARRIBA.**, artista e escritora. Presentará o acto **MARISA BARREIRO**, presidenta do Iescha.

Esta será a terceira conferencia correspondente ao ciclo MULLERES GALEGAS, programado polo IESCHA para levar a cabo durante todo este ano 2023. A primeira tivo lugar no mes de xaneiro e correu a cargo de GERMÁN CASTRO que nos falou da científica galega ÁNGELES ALVARIÑO. A segunda, impartida por VANESA SISO, programase para o mes de marzo e xirou entorno á *cousificación e mercantilización do corpo das mulleres*.

#### **LUZ DARRIBA, artista e escritora**

**Luz Darriba** naceu en 1954, en Montevideo. Trasládouse en 1970 coa súa familia a Bos Aires, e vive dende 1990 en Galicia. Filla da diáspora galego-asturiana no Río da Prata, estudou Belas Artes e Filosofía e Letras na Universidade de Bos Aires. Como artista, realizou centos de exposicións, macrointervencións en espazos públicos (como a da

Muralla de Lugo, con 659.000 libros) e recibiu numerosas distincións internacionais.

Formou parte do staff permanente de *Foeminas*, a primeira revista virtual feminista do país (2005-2008). En 2010 retomou a súa vella vocación literaria, e publicou *Toda a xente errante*, a súa primeira novela (2012), *Xoguetes para nenos cegos* (2015) e *O que o vento non se levou, relatos para espertar a memoria* (2016). Recibiu nesta etapa varios recoñecementos, entre eles o Premio Ánxel Fole (2012). Os seus relatos forman parte de moitas antoloxías en España e Latinoamérica (como *Bovarismos*, antoloxía de relatos escritos por mulleres).

Escribe unha columna semanal en *Nósdíario* e colabora con distintas publicacións internacionais.



ENTRADA LIBRE E GRATUÍTA ATA COMPLETAR AFORO